



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DEZAOITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES

O 18 de outubro de 2023, ás 9:30 h, reuníronse os membros da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria para tratar os asuntos da Orde do día da convocatoria.

ASISTENTES

Presidente
José Manuel Mato Martínez

CONCELLEIROS/AS:

Constantino Fernández Vila
María Josefa Álvarez Bugallo
Juan Ramón Vidal Torrado
Raquel Fondo Pérez

Secretaria: Antía Pena Dorado

O presidente abre a sesión despois de comprobar que existe o quórum que esixe o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

1. Aprobación da acta da sesión do 11 de setembro de 2023

Os membros da Xunta de Goberno Local que están presentes aproban a acta da sesión do 11 de outubro de 2023 por unanimidade.

2. Asistencia e asesoramento á Alcaldía no exercicio das súas atribucións

2.1 Recurso contencioso interposto por Ángel Santiago Suárez Baneira contra a resolución da Alcaldía núm. 237/2022, do 31 de marzo, procedemento PA 110/2022 (Expediente 2022/P002/000011)

A secretaria dá conta do auto do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 da Coruña no recurso PA 110/2022, no que declara firme a sentenza 00061/2023 na que estima o recurso contencioso administrativo interposto por Miguel Fernández Saavedra, actuando no nome e na representación de Ángel Santiago Suárez Baneira, fronte ao Decreto da Alcaldía/Presidencia do Concello de Ponteceso, de data 31 de marzo de 2022, notificado o 6 de abril de 2022, en virtude do cal acorda a estimación parcial do recurso de reposición presentado contra a Resolución do 4 de febreiro de 2022, ditada no expediente administrativo sancionador núm. 2121/X999/000362, resolucións que revocan por ser contrarias a dereito, con expresa condena de costa á demandada, conforme os límites que se contemplan no fundamento cuarto da sentenza.

Contra a sentenza non cabe recurso ordinario, sen prexuízo do recurso de casación.

Remite ao Concello a sentenza e requíreo para que a leve a puro e debido efecto no prazo fixado na lei e practique o que esixa o cumprimento das declaracións contidas no fallo.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Tel.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Os membros da Xunta de Gobeno Local que están presentes quedaron informados.

Non hai máis asuntos que tratar.

O presidente remata a sesión ás 10:45 h e eu redacto esta acta.

O presidente

A secretaria

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado

Documento asinado electrónicamente ao marxe.